



PLAN DIXITAL

CEIP Plurilingüe San Clemente de Cesar

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Atopámonos no CEIP Plurilingüe San Clemente de Cesar, situado en Baltar nº25 - San Clemente de Cesar, 36654 Caldas de Reis, Pontevedra.

Trátase dun Centro do Rural, que conta coas etapas de Educación Infantil e Educación Primaria, cun total de 122 alumnas e alumnos, e o Claustro está formado por un total de 17 mestras e mestres (9 titoras e titores, 1 especialista en Educación Física, 1 especialista en Educación Musical, 1 especialista en Relixión, 2 especialistas en Lingua Inglesa (un deles itinerantes), 1 especialista en Orientación, 1 especialista en Pedagogía terapéutica e 1 especialista en Audición e linguaxe (itinerante); ademais de contar con Auxiliar de Conversa).

Os datos de contacto do Centro son os seguintes:

- Correo: ceip.sanclemente.cesar@edu.xunta.gal
- Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanclementecesar/>
- Teléfono: 886151141

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Plurilingüe San Clemente de Cesar atópase no concello de Caldas de Reis, na parroquia de San Clemente, lugar de Baltar. A el asisten alumnos procedentes de tres parroquias: Santo André, San Clemente e parte da parroquia de Carracedo. Tamén asiste un pequeno número de alumnas e alumnos procedentes do núcleo urbano de Caldas de Reis, aproveitando unha das liñas de transporte escolar, que lle facilita a utilización do servizo do comedor escolar.

O entorno é rural, de economía agrícola e gandeira, en claro declive. A maioría das familias depende deste sector de xeito secundario ou complementario.

As actividades industriais máis destacables na zona corresponden a pequenos talleres de reparación de vehículos agrícolas, algunhas tendas e bares, unha empresa de conservación de alimentos (a de maior entidade), pequenas empresas de carpintería, cantería, albanelería,...

A maioría dos servizos públicos e comerciais da zona dependen do núcleo urbano de Caldas de Reis.

O obxectivo principal da elaboración deste Plan Dixital é a de mellorar a Competencia Dixital do noso alumnado integrando as novas tecnoloxías (ordenadores, tablets, Monitores Dixitais,...) nos diferentes niveis, áreas e/ou materias impartidas no Centro; de xeito que o noso alumnado poida buscar, analizar, relacionar, compartir,... información e empregala no seu proceso de ensino e aprendizaxe.

Todo este proceso de implantación realizarase de xeito que se poidan integrar as ferramentas dixitais dentro de todos os Plans e Proxectos que se desenvolven no Centro, tales como o Proxecto Educativo, o Plan de Acción Titorial, o Proxecto de Centro,...

Neste sentido, o Centro xa conta con algunha actividade de innovación dixital, tal como unha sesión semanal de TIC's aplicadas para cada curso do Centro, a participación en Snappet dun curso de Primaria dende hai 4 anos, a creación de contidos dixitais das diferentes conmemoracións celebradas no Centro,...

1.3. Breve xustificación lexislativa

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do presente Plan Dixital, contouse coa participación de todo o Claustro do Centro, que mantivo reunións periódicas para a análise do contexto, para a elaboración do DAFO e dos obxectivos para o curso 22-23; así coma a súa participación de xeito individual na valoración do SELFIE e na enquisa de Competencia individual de cada mestra e mestre.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- En canto a rede de internet, hai que destacar que este curso renovouse, ampliando esta capacidade a fibra. O problema reside en que o cableado instalado no Centro NON se actualizou, polo que a velocidade da fibra non pode ser aproveitada na súa totalidade. Por outra banda, hai que destacar que todo o Centro conta con puntos de acceso wifi, unha vantaxe a ter en conta.
- O centro conta co proxecto Snappet nun dos seus cursos de Primaria, pero de momento ningún dos titores se anima a participar no proxecto E-Dixgal. A Biblioteca conta con 6 tablets, que se mercaron este curso grazas á súa incorporación ao PLAMBE.
- En canto ás aulas, todas teñen ordenador, pero estes son anteriores ao ano 2014. NON posúen nin pantallas nin Monitores Dixitais; inda que si posúen canon, que se pode empregar unicamente para visualizar, e non para poder realizar actividades interactivas que favorezan o proceso de ensino e aprendizaxe. A aula de informática ocórrelle o mesmo, está equipada con ordenadores que foron doados por outras entidades, e que están obsoletos actualmente. O centro NON conta con portátiles para a creación dunha aula móbil.
- No referente á servizos dixitais, o Centro conta cunha páxina web actualizada neste curso, para facela visual e sinxela de empregar, conta con aula virtual, AbalarMóbil, Blogue de Biblioteca e Canle de YouTube.
- A xestión e o mantemento dos equipos dixitais corre a cargo do Coordinador Tic e dunha empresa externa situada na zona de Caldas de Reis.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado	---				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	1,7				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,9				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	5				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,3				
	Profesorado	4,3				
	Alumnado	---				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,7				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	---				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,5				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	2,2				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,9				
	Profesorado	2,7				
	Alumnado	---				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	4,4				

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	14	15	93,3 %
PROVISIONAL	1	1	100 %
OUTRO	1	1	100 %
SUBSTITUTO	1	1	100 %

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
72,7	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	67,6	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI	64,6	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-----	-----
A2	7	41,2 %
B1	8	47,1 %
B2	2	11,8 %
C1	-----	-----
C2	-----	-----
TOTAL	17	100,1 %

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Wifi en todo o Centro.	1. Equipamento desfasado. 2. Aulas sen PDI's nin Monitores Dixitais.
	PERSOAL DOCENTE	Profesorado participativo nas actividades propostas.	1. Pouco interese dalgún profesorado nas tecnoloxías Dixitais. 2. Falta de Competencia Dixital. 3. Boa formación para o profesorado, pero non se benefician desa oportunidade.
	PERSOAL NON DOCENTE	-----	-----
	ALUMNADO	Dispón dunha sesión semanal de TIC's Aplicadas, para o desenvolvemento da súa Competencia Dixital.	Ven as tecnoloxías como unha forma de entretemento, non coma unha ferramenta de aprendizaxe.
	FAMILIAS	Boa colaboración das familias nas actividades propostas.	-----
	OFERTA	1. Actividades e recursos online mediante a web do Centro e a Aula Virtual. 2. Contratos-Programa. 3. Snappet.	-----
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Centro dinámico no emprego das Tecnoloxías Dixitais.	Falta de tempo para a coordinación interna para desenvolver os proxectos interdisciplinares.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Interese das administracións en impulsar o emprego das Tecnoloxías Dixitais nos Centros Educativos. 2. Boa formación a través dos PFPP.	1. Non envía o equipamento tecnolóxico preciso para desenvolver a Competencia Dixital no Centro. 2. Pouca dotación económica.
	LEXISLACIÓN	Fomento do uso das Tecnoloxías Dixitais no ensino.	1. Exceso de burocracia. 2. Cambios legislativos recurrentes.
	CONTORNA	Creación dun Plan Dixital sinxelo que integre a toda a Comunidade Educativa no emprego das Tecnoloxías Dixitais.	Zona rural con pouca cobertura a internet, o que dificulta o acceso das familias e do alumnado .
	ANPA	-----	-----
	OUTRAS ENTIDADES	Boa resposta da empresa de mantemento do equipamento informático.	As familias teñen baixa formación e interese no uso das TIC como un elemento máis de aprendizaxe.

3.

4. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

4.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a elaboración do Plan de Acción a partir da análise DAFO, o equipo que elabora esta plan seleccionamos algunha das debilidades que se recolleron, e a partir delas establecemos un debate das diferentes accións que podemos levar a cabo no Centro para poder melloralas, e deste xeito, mellorar tamén a nosa Competencia Dixital, a nosa infraestrutura e tamén a Competencia do alumnado.

Os obxectivos establecidos polo equipo que elabora o Plan Dixital son específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal que queremos conseguir. Os obxectivos están contextualizados nas áreas de mellora en relación coas do marco **DigCompOrg**.

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

"Área/s de mellora": Liderazgo (A1 y A2)						
1. OBXECTIVO (1):	Mellorar dixitalmente a coordinación docente nos proxectos interdisciplinares.				Acadado	
RESPONSABLE:	Claustro de profesorado.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	O profesorado empregará ferramentas dixitais para mellorar a coordinación.					
Valor de partida (3)	0 tarefas feitas polo profesorado.					
Valor previsto e data (4)	3 tarefas para o 25% do profesorado.			15 xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Establecemento de períodos fixos para a realización das coordinacións, tanto presenciais coma dixitais (aula virtual, servizos de videoconferencia, email,...)	Claustro.	21 decembro 2022.	Ferramentas dixitais e Software. Tablets e/ou ordenadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Optimización dos tempos de coordinación, grazas ao emprego de ferramentas dixitais.	Claustro.	15 xuño 2023.	Software e Tablets ou ordenadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Establecemento de obxectivos interdisciplinares relacionados co Plan Dixital e cos diversos proxectos desenvoltos no Centro.	Coordinador TIC e Claustro.	15 xuño 2023.	Software e Tablets ou ordenadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Pedagogía. Implementación na aula (F1, F4 y F5)

1. OBXECTIVO (1):	Conseguir que o alumnado empregue as TIC's para o seu proceso de aprendizaxe.			Acadado		
RESPONSABLE:	Coordinador TIC e Claustro.			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	O alumnado e quen de realizar diferentes tarefas Dixitais.					
Valor de partida (3)	0 tarefas feitas polo alumnado.					
Valor previsto e data (4)	3 tarefas para o 20% do alumnado.			15 xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Manexo básico do diferente equipamento informático e tecnolóxico dispoñible no Centro.	Coordinador TIC e Claustro.	21 decembro 2022.	Ordenadores, Monitores Dixitais, Tablets.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Emprego correcto do procesador de textos.	Coordinador TIC e Claustro.	15 xuño 2023.	Ordenadores, Monitores Dixitais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Búsqueda e análise de información en internet.	Coordinador TIC e Claustro.	15 xuño 2023.	Ordenadores, Monitores Dixitais, Tablets, Internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Emprego da aula virtual de xeito autónomo e habitual.	Coordinador TIC e Claustro.	15 xuño 2023.	Ordenadores, Monitores Dixitais, Tablets, Internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Infraestructura y equipos (C8)						
3	OBXECTIVO (1):	Actualizar e renovar os dispositivos dixitais do Centro.			Acadado	
	RESPONSABLE:	Coordinador TIC + Equipo Directivo.			Non acadado	
	INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de equipos con hardware anterior a 2014 actualizados ou renovados.				
	Valor de partida (3)	10% de equipos con hardware anterior ao 2014 actualizados ou renovados.				
	Valor previsto e data (4)	75% de equipos con hardware anterior ao 2014 actualizados ou renovados.	15 xuño 2023			
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Determinar as necesidades dos equipos do Centro.	Coordinador TIC. Equipo directivo.	15 xuño 2023.	Tablets, portátiles, Monitores Dixitais,...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Solicitar a actualización e renovación dos dispositivos dixitais.	Coordinador TIC.	15 xuño 2023.	Tablets, portátiles, Monitores Dixitais, Software,...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

INFRAESTRUTURAS DIXITAIS:

- En canto á rede cableada, mellorouse este curso instalando fibra no Centro. Pero o que non se modificou foi a instalación cableada do Centro, polo que é moi probable que non se poida aproveitar toda a velocidade que ofrece esta fibra.

EQUIPAMENTO:

- As titorías dispoñen de ordenadores desfasados ou antigos.
- As aulas NON dispoñen Pantallas Dixitais Interactivas. Solicitamos un por aula, incluída a aula de TIC's (de 75" pulgadas), para mellorar a experiencia do alumnado e o seu proceso de aprendizaxe, facéndoo máis atractivo e ligado coas tecnoloxías dixitais.
- A aula de TIC's dispón de ordenadores, pero igual que nas titorías, algúns deles están desfasados.
- Na Biblioteca hai actualmente tres ordenadores, un destinado á xestión desta (que conta con moitos anos) e outros dous destinados á busca de información por parte do alumnado, tamén antigos. Tamén necesitaríamos unha Pantalla Dixital Interactiva para esta estancia.
- NON dispoñemos de carros con portátiles para Aulas móbiles, recurso moi interesante para introducir as tecnoloxías dixitais dentro das aulas de Primaria.
- Na sala de mestres hai dispoñibles dous ordenadores de sobremesa para o seu uso por parte do profesorado, pero que están anticuados.
- O Centro NON conta con tablets como apoio ao proceso de aprendizaxe do alumnado. Neste curso e grazas á incorporación ao PLAMBE, mercáronse 6 para a Biblioteca Escolar.

SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS:

- O Centro NON dispón de E-Dixgal nin de Aqueiro.
- Polo contrario, si que dispón de correo electrónico, páxina web, aula virtual, blogue de biblioteca e Snappet.

5. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da **avaliación procesual**, a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final**, a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

6. Difusión do Plan

Para a difusión deste Plan Dixital a toda a Comunidade Educativa dispoñemos de varias vías de comunicación: notas informativas que se enviarán ás familias mediante o alumnado do Centro, notificación a través de AbalarMóbil e a comunicación e publicación na web do Centro.